

Plan de Actividades 2013



O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN QUE SE ESTÁ A DESENVOLVER NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas e portais e servizos de información.
2. Estratexias de contratación: estudos e viabilidade de cambio nos modelos de contratacións dos paquetes de revistas.
3. Estudos tributarios dos servizos de acceso aos recursos electrónicos de Bugalicia para ser considerados gastos de investigación e posibilidades de devolución do IVE.
4. Estudos de avaliación da colección de recursos electrónicos.

SERVIZOS DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS

1. Soporte técnico ao acceso aos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
2. Actualización dos recursos contratados nas diferentes plataformas e sistemas de información (cambios de plataformas, novidades, etc.)
3. Revisión dos listados das licencias consorciadas e carga no xestor de enlaces SFX. Resolución de incidencias.
4. Administración de SFX: Seguimento dos cambios da ferramenta, configuración e adaptación para o seu aproveitamento. Monitorización das actualizacións semanais da KB e do software. Resolución de incidencias xerais ou individuais. Interlocución co provedor Greendata ou Exlibris. Preparación e extracción de estatísticas. Resolución de incidencias.
5. Mantemento, administración e desenvolvemento da ferramenta de xestión das coleccións e contorno web de consulta para as universidades: listaxes de

títulos consorciados, listaxes *counter* e datos estatísticos e información relevante dos recursos consorciados.

6. Desenvolver as funcionalidades da ferramenta de xestión das coleccións para incluír datos das contratacións individuais das universidades e analizar conxuntamente a ferramenta para posibilitar a ampliación das súas capacidades en base ás necesidades das universidades.
7. Apoio á implementación do proxecto dunha ferramenta de descubrimento.
8. Análises de plataformas de xestión de servizos bibliotecarios de última xeración”.
9. Apoio na implantación de ferramentas de software libre.

SERVIZOS DE APOIO Á FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECARIO GALEGO ORGANIZANDO

Cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias

COLABORACIÓNS NOUTRAS INICIATIVAS BIBLIOTECARIAS

1. No ámbito galego:
 - Colaboración coa Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia
 - Colaboración cos Centros de Investigación dependentes da Xunta de Galicia
 - Colaboración co Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Consellería de Sanidade.
 - Colaboración coa Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura dependente da Consellería de Cultura e Turismo.
2. A nivel nacional:
 - Colaboración coa Asociación Expania (grupo de usuarios de SFX/Metalib):
 - Colaboración cos Consorcios de Bibliotecas Universitarias doutras Comunidades Autónomas